

## A MISIÓN

O científico chinés Chang Li incorporouse atordado. Doíalle moito a cabeza e sentíase algo mareado. Tardou uns segundos en decatarse de onde se atopaba. Estaba só, nunha sala do laboratorio secreto de investigación no que traballaba. Detrás súa había unha máquina estraña. De súpeto recordou por que estaba alí, e botoulle unha ollada ao reloxo que estaba pendurado na parede. Alarmado, abriu a porta e saíu da sala con présa.

Rapidamente atravesou o corredor, con coidado de que ningún dos seus compañeiros de traballo o viran. Tiña tantas ganas de saudalos, de velos de novo! Pero sabía que non podía, pois non o recoñecerían e el non dispoñía de tempo que perder.

Correu cara á saída das instalacións e dirixiuse á estación de tren máis próxima. Todo debía saír perfecto, sen ningún contratempo, pois o reloxo corría na súa contra e a súa misión era crucial para o destino da humanidade: debía chegar ao Suxeito cero antes de mediodía e evitar que provocase o caos mundial.

Unha vez chegou á estación, mercou o billete dun tren que saía en cinco minutos. Aproveitou a espera para reflexionar. Estaba moi nervioso. E se algo saía mal? Todos os últimos anos de traballo para nada! O fracaso era algo que non se podía permitir. Cando chegou o tren subiu inmediatamente e sentou nun asento baleiro ao final do derradeiro vagón.

Pasou a viaxe mirando pola ventá e pensando sobre a situación na que se atopaba. Unha vez chegase á estación debía ser rápido e atopar unha maneira de entrar na casa do Suxeito. Pasou unha hora ata que por fin finalizou o traxecto.

Chang baixou do tren e buscou a estación de autobuses, coa intención de coller un que o achegase ao seu destino. Sen embargo, o único bus que lle servía acababa de saír

había dez minutos. Ao saber iso foi como se lle botasen un balde de auga fría. Se non atopaba rapidamente outra maneira de chegar, non o conseguiría.

Chang inspeccionou os arredores en busca de alguén que o puidese levar ata a casa do Suxeito. Fixouse nunha muller nova con cara de poucos amigos que estaba sentada nun coche preto del, e que o estaba mirando desde que chegara.

Achegouse a ela coa esperanza de que o puidese levar. A moza cravou nel a mirada, analizando a súa aparencia desamañada e o seu notable desacougo. Chang non sabía que facer. Levaba anos sen falar con ninguén, e menos cunha muller. Estendeu a man nun amago de saudala.

—Bo día, chámome Chang Li. —Dixo inqueda.

A muller ignorou o xesto e mirouno cunha expresión seria.

—Ola, eu son Yani.

Chang lamentouse de que a súa primeira charla en tanto tempo comezase tan mal e teme que a xove non o quixese axudar.

—Perdón, teño que chegar a un sitio non moi lonxe de aquí, moi urxentemente, e preguntábame se vostede podería levarme. Estou disposto a pagar o que cumpra.

Non sabía se era pola súa mirada de desesperación ou polos seus xestos suplicantes, pero de algún modo a muller accedeu a levalo no seu coche, iso si, por un prezo considerable. Chang indicoulle como chegar ao seu destino e puxéronse en camiño.

Durante o traxecto, o científico non paraba de mirar o seu reloxo cunha expresión preocupada no seu rostro. Despois dun tempo que lle pareceu eterno, chegaron por fin á rúa na que vivía o Suxeito.

Chang fíxolle un xesto de despedida á muller e abandonou o automóbil. Correu coma nunca antes ata que chegou á porta da vivenda, e premeu o timbre. Abriuulle un home corpulento que lle preguntou quen era. Chang, ignorándoo, coouse no interior da casa e correu ata a cociña. Estaba todo preparado para xantar. Ficou aliviado ao ver que o Suxeito aínda non comezara a sopa. Entre os berros do home, Chang colleu a pota e tirouna da mesa, derramando todo o líquido polo chan. Nese momento unha profunda alegría percorreu o seu corpo, e berrou: «A miña misión está cumprida!».

O viaxeiro do tempo abandonou a vivenda, mentres o Suxeito se preguntaba por que aquel estraño individuo acababa de tirar ao chan a súa sopa de morcego.